

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2017/10	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Axilizar a tramitación do expediente de cesión parcelas A Baiuca á Xunta de Galicia»
Data	22 de xuño de 2017
Duración	Desde as 21:30 ata as 21:50 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
Presidida por	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS
Secretario	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
52470281J	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
52472017R	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
35436150G	ANA MARIA ASOREY BREA	SÍ
44827857Y	BELÉN LOUZA O VIEITES	SÍ
44843918J	EDUARDO JOSE DAVILA RODRIGUEZ	SÍ
52472456A	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	SÍ
76866604Y	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
52470095B	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ
44089524L	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
52471166R	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
76796340F	MANUEL FERNANDEZ CERDEIRA	SÍ
76868700D	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
33244650J	MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS	SÍ

Concello da Estrada



35455186L	MARIA MONTESERRAT MACEIRAS VICENTE	SÍ
76871181Y	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
35440840W	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
52472335C	Mª DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
76859732B	NEMESIO REY PAZOS	SÍ
44091955N	ROMAN SUÁREZ PORTO	NON
44092708Y	SILVIA NEIRA IGLESIAS	SÍ
76860863S	XOSE MAGARIÑOS MACEIRAS	SÍ
76865922Z	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 19, En contra: 0, Abstencións: 1,
Ausentes: 0

Dada conta da acta da sesión celebrada o 1 de xuño de 2017, a voceira do PSdeG-PSOE adivirte da súa non conformidade coa redacción do terceiro parágrafo do punto relativo a "Expediente 2012/2017. Reclamacións e alegación ao orzamento", xa que dixo que a solicitude presentada pola traballadora Dna. Mª Rosa Méndez Aragunde (tratada no punto anterior da mesma acta), sexa tratada como unha alegación.

Sometido a votación a acta coa correspondente proposta de corrección, ésta é aprobada por maioría (cos votos favorables do PP, PSdeG-PSOE e MÓVETE, coa abstención do BNG), ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF, previa corrección do terceiro parágrafo do punto relativo a "Expediente 2012/2017. Reclamacións e alegación ao orzamento": que quedaría redactado do seguinte xeito:

Finalmente, pide que a solicitude da traballadora (tratada no punto anterior) sexa tratada como unha alegación. Tamén prega que se solicite un informe á Secretaría e Intervención que trate o fondo da alegación presentada.

Expediente 952/2017. Desafectacion parcelas A Baiuca

Favorable

Tipo de votación:

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde outorga a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo, **D. Alberto Blanco Carracedo**, aos efectos de explicar este punto da Orde do Día, quen comeza dicindo que, con motivo da necesidade do cambio de cualificación xurídica das parcelas de dominio público sitas no antigo Estadio da Baiuca para a súa cesión á Xunta de Galicia aos efectos da construción da nova Escola Infantil e novo Centro de Saúde, e atendendo ao recollido no Acordo plenario de 20/04/2017, á publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra aos efectos de alegacións e a falta de reclamacións e alegacións a esa aprobación inicial, agora se propón elevar a definitivo ese acordo inicial de desafectación das parcelas Estadio 1 e parcela Estadio 4 segregada, que pasan de ser un ben de dominio público a ben patrimonial; realizar o acto de recepción formal dos bens que foron desafectados, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais; anotar no Libro Inventario de Bens do Concello da Estrada a alteración da cualificación xurídica que sufriron os bens; e, trasladar ao Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrais.

Intervén a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para manifestar o apoio do seu grupo político para cumprir con todos os trámites legais necesarios para levar a cabo esta cesión, pedindo que todos os aqueles prazos que se poidan acortar sexan reducidos, ao mesmo tempo que se esixa á Xunta de Galicia que cumpra, xa que non está a ver que se materialicen avances con respecto ao proxecto de execución, polo que solicita que a Corporación se dirixa á Xunta para que non se esqueza de nós e axilicen o máximo posible os trámites para a execución destas construcións.

Pide a palabra a voceira do grupo municipal de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen traslada estar a favor da axilización dos trámites necesarios, ao mesmo tempo pregunta cando se prevé rematar estas obras e o por qué leva unha semana paralizada.

O voceiro do BNG, **Sr. Xosé Magariños**, manifestando que coincide co dito polas anteriores concelleiras no que respecto á petición á Xunta que acelere os prazos necesarios para acometer o máis pronto posible as obras, preguntando onde están os cartos necesarios para acometer esta actuación.

Intervén o **Sr. Alcalde** agradecendo o apoio dos grupos da oposición a este proposta, respondendo á Sra. Mar Blanco, que a empresa que está a levar a cabo as obras de construción da Escola Infantil manifestou que a parte de formigonado de soleira está rematada, pero o resto é en madeira, sendo unha parte da mesma prefabricada, consistente en pranchas prediseñadas, estando esta en fabricación e esperando que chegue sobre o 17 de xullo.

No que se refire ao Centro de Saúde, lembra aos presentes que se tratan de procedementos moi lentos, de feito se leva sobre 6 meses con esta tramitación quedando algún paso máis para rematar, pero está de acordo co manifestado anteriormente no referente a pedir á Xunta de que axilice os trámites que lle competen, de feito fai pouco o Coordinador do Centro de Saúde lle trasladaba que o proxecto inicial foi modificado con cuestión que eles mesmos lle plantexaban, estando proxecto neste momento pechado e á espera de que nós cumpramos coa nosa parte, quedando despois de agora o someter novamente ao Pleno o trámite formal da cesión da parcela e, a partires de aí se poderá a esixir á Xunta que inicie a licitación, esperando que para despois do verán xa se inicia as obras correspondentes.

Non habendo máis intervencións se procede á votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Concello da Estrada



Vista a necesidade de que por este Concello (propietario dos bens de dominio público: parcela Estadio 1 e parcela Estadio 4 segregada, ambas pertencentes a parcela matriz Estadio da Baiuca) se proceda ao cambio da cualificación xurídica das parcelas de bens de dominio público a bens patrimoniais, para poder ser obxecto de cesión á Xunta de Galicia e que ela as destine a primeira á construción da Escola Infantil e a segunda á construción do novo Centro de Saúde

Visto que que é preceptiva e previa a dita cesión á desafectación.

Visto que, na sesión plenaria de data 20 de abril de 2017, adoptouse o acordo inicial de desafectación das parcelas Estadio 1 e parcela Estadio 4 segregada, ambas pertencentes a parcela matriz Estadio da Baiuca,

Visto que dito acordo foi obxecto de publicación no BOP n.º 82 de 28 de abril de 2017, a efectos de información pública para que se poidesen realizar as alegacións pertinentes

Visto que no período de información publica non se fixeron alegacións, tal e como consta no certificado de Secretaría de data 2 de xuño de 2017.

Visto o Ditame acadado pola Comisión informativa de Organización, Persoal e Asunto Xerais de data 16 de xuño de 2017

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Elevar a definitivo o acordo inicial de desafectación das parcelas Estadio 1 e parcela Estadio 4 segregada, que pasan de ser un ben de dominio público a ben patrimonial.

SEGUNDO.- Realizar o acto de recepción formal dos bens que foron desafectados, de conformidade co artigo 8.3 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

TERCEIRO.- Anotar no Libro Inventario de Bens do Concello da Estrada a alteración da cualificación xurídica que sufriron os bens

CUARTO.- Trasladar ao Rexistro da Propiedade para que proceda a deixar constancia deste cambio mediante os correspondentes asentos ou anotacións rexistrals.

Non habendo máis intervencións, levántase a sesión sendo as vinteunha horas cincoenta minutos.

A SECRETARIA,

Dna. Lucía Artime Alonso

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 Pontevedra. Tfno. 986570030. Fax: 986570233